

REUNIÓN XERENCIA SEAGA COAS OOS E COMITÉS DE EMPRESA

Santiago de Compostela 13/12/2022

Hoxe tivo lugar a reunión, á convocatoria da Empresa, na que se trataron os seguintes puntos:

RENOVACIÓN MESA DE DIÁLOGO.

Consonte ao resultado dos procesos electorais, varios e variopintos, acaecidos na Empresa e por acordo maioritario corresponde, de conformidade se viña facendo atribuír a representación segundo o resultado dos ditos procesos, dos que corresponde a **CIG: 4 representantes, a CCOO: 3 e a UGT: 2**

A **Mesa de Diálogo** é un **órgano deliberativo**, sen capacidade decisoria, en tanto que a **calquera asunto tratado na mesma debe ter a aprobación dos Comités de Empresa, por NON EXISTIR CONVENIO E POLO TANTO COMITÉ INTERCENTROS (alguén terá a culpa é non UGT)**. Desde UGT esperamos que isto poda cambiar e entremos, agora si, nunha **senda de negociación seria que permita acadar, a través da negociación colectiva, coa fin de conseguir MELLORAS PARA TODO O PERSOAL EN CUESTIÓNS DE EMPREGO, SALARIO E DEREITOS.**

PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN.

A xerencia **expón a proposta de borrador**, que corresponde co modelo remitido por Función Pública. Nese modelo existen uns **parámetros que son inamovibles e outros sobre os que a Empresa pode modular** certas cuestións que son as que corresponden cos **outros méritos**.

Dentro do consultado pola Empresa á Función Pública ao respecto da valoración do **tempo traballado noutras categorías ou a permanencia no posto de traballo**, como elementos ponderables, a resposta foi que **EN NINGÚN CASO se podería tomar en consideración.**

Con carácter xeral **UGT NON ESTÁ DE ACORDO CON QUE A TOMA DE POSESIÓN RESULTANTE DOS PROCESOS SEXA COMO PERSOAL INDEFINIDO, DEBE SER COMO PERSOAL FIXO DA EMPRESA. ASÍ O REQUERIREMOS NAS ALEGACIÓNS ÁS QUE REMITIMOS Á EXPOSICIÓN PREVIA DE HOXE.**

UGT considera que si ben son inamovibles os dous apartados da experiencia profesional, entendemos que non o é o feito de **poder adaptar a puntuación** outorgada ao mes traballado para que se poda acadar o máximo da puntuación por parte daquelas persoas que están nesa situación, é dicir **levar o tempo máximo ao ano 2008**. Tamén **UGT considera que o tempo traballado noutra categoría**, mentres durou a **“suspensión de contrato”**, podería **ser entendida en identidade de suposto que a comisión de servizos nun concurso de traslados, e ser considerada como tempo de traballo desde a categoría de orixe**. Quedaron en darlle unha volta e mirar de poder facer proposta neste sentido.

UGT chama a atención sobre a contabilidade da experiencia profesional a que se teña en conta unha recente **Sentenza do TS (27/10/22) de persoal fixo-descontinuo**, segundo a que **“a efectos... de promoción profesional ... debe terse en conta todo o tempo de duración da relación laboral”**



Con carácter xeral comenta, a Empresa, que a **valoración dos cursos de Galego, máis aló do Celga esixido** para o acceso á categoría, pode ser contraproducente e inapropiado, é dicir non semella congruente que se valoren os cursos de linguaxe administrativo, segundo a que categorías, como pode ser peóns ou peóns especialistas.

Sobre as **alternativas posibles propostas aos 7,5 puntos por probas superadas**, dado que iso non se contempla para esta Empresa, **propón as titulacións superiores á solicitada como requisito, as titulacións habilitantes e os cursos de prevención habilitantes. UGT ESTANDO POTENCIALMENTE DE ACORDO**, entendemos que **isto debe ser analizado categoría a categoría**. En principio non nos parece ben, salvo que se explique e argumente correctamente, a valoración de titulacións superiores, **haberá que analizar para non xerar o efecto contrario ao pretendido na Lei**. Sobre as titulacións habilitantes, explicamos que non se debe confundir isto cos certificados de profesionalidade, que non constitúen en si mesmos titulación, senón habilitación para poder conseguir unha Titulación, é importante ter claros os conceptos, como dicía Manquiña (...el concepto es el concepto...), non enganemos ao persoal con cousas que non son.

Polo tanto **UGT solicita que tendo sentido unhas bases xerais, a Empresa deberá adaptar os méritos específicos en función das distintas categorías**.

PROCESOS POR CONCURSO-OPOSICIÓN:

Expón que serán **tipo test, non prácticos** e que se **remitirán os temarios estes días**, para as alegacións das OOSS, que serán, con **carácter xeral na mesma liña que os que se viñan facendo** para o acceso as prazas temporais estes anos pasados.

UGT fará as alegacións que procedan, pero xa avanzamos que nos parece acaído manter a tipoloxía dos temarios que a Empresa utilizou ata o de agora, para as probas para o acceso á condición de temporal. En todo caso requiriremos que **para aquelas categorías que carecendo de cursos realizados**, para poder aportar puntos na fase de concurso, como son as de **peón e peón especialista, se realice un curso preparatorio**, ao igual que se fai no ámbito da Administración Xeral para a quenda de promoción interna, a través da EGAP, así o entendemos como de xustiza, en tanto que nin a Empresa nin EGAP nin ningún outro tipo de entidade facilitou formación a determinadas categorías.

OUTROS PROCESOS.

Explicadas as notas sobre a Oferta Pública de Emprego, pendente de publicar, dos **35 postos**, requirimos sexa puntualizada cos **códigos dos postos**. UGT solicita isto para que non exista o mesmo problema que se está a dar nos postos das opes da Administración xeral, consideramos que clarifica, da seguridade xurídica e tranquiliza sobre o posible resultado dos proceso. Todo aquel que se presenta a unha ope debe saber a priori a que se presenta, con independencia do destino que poda elixir como resultado do proceso.

CALENDARIO LABORAL.

Debido a falta de tempo tratouse moi por riba e como a xerente ten as propostas das diferentes sedes provinciais e de servizos centrais haberá que ter unha nova reunión cos comités para un posible acordo de calendario e horario laboral. A xerencia non descartou unha posible reunión co Secretario Xeral Técnico da Consellería para consensuar esta cuestión.

